

A

B

C

D

E

F

G

GUÍA

AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS EXISTENTES

IMPORTE DAS AXUDAS

TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS	AXUDA BASE		AXUDA ADICIONAL				
	Opción A	Opción B	% adicional criterios sociais	% adicional: eficiencia enerxética			% adicional actuación integrada
				Cualificación final A	Cualificación final B	Incremento de dúas ou máis letras	
TIPOLOXÍA 1. MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA							
Tipoloxía 1 Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica	35% Máximo 6.000€ vivenda	25% Máximo 6.000€ vivenda	15	15	10	5	20
TIPOLOXÍA 2. MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS							
Subtipoloxía 2.1 Substitución de enerxía convencional por enerxía térmica	35%	25%	10	10	5	0	15
Subtipoloxía 2.2 Substitución de enerxía convencional por enerxía xeotérmica			10	0	0	0	15
Subtipoloxía 2.3 Substitución de enerxía convencional por biomasa nas instalacións térmicas			10	0	0	0	10
Subtipoloxía 2.4 Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de xeración non incluídos nas subtipoloxías 2.1 a 2.3			0	10	5	0	0
Subtipoloxía 2.5 Mellora da eficiencia enerxética dos subsistemas de distribución, regulación, control e emisión das instalacións térmicas			0	10	5	0	0
TIPOLOXÍA 3. MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN							
Tipoloxía 3 Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación	15	15	0	10	5	0	0

PARA QUE SE PODEN SOLICITAR?

- Edificios de uso **residencial de vivenda colectiva**.
- Vivendas **unifamiliares**.
- **Pisos e locais** dentro dun **edificio de vivenda colectiva**.

QUE QUEDA EXCLUÍDO?

- Os edificios e vivendas **construídas no ano 2007 ou con posterioridade**.
- As actuacións realizadas en **edificios de nova construción ou as rehabilitacións integrais que, como resultado da reforma, teñan consideración de nova construción**.
- As intervencións que supoñan a **ampliación do edificio**, nas que se incremente a superficie ou o volume.
- As actuacións que supoñan un **cambio de uso do edificio**.

QUE ACTUACIONES SE PODEN SUBVENCIONAR?

- **Tipoloxía 1**

Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica. É dicir: illamento de fachadas, cambio ou mellora das carpinterías exteriores, fiestras ou proteccións solares.

- **Tipoloxía 2**

Mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables das instalacións térmicas. Por exemplo: emprego de enerxía solar térmica, enerxía xeotérmica ou mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de regulación, control e emisión destas instalacións.

- **Tipoloxía 3**

Mellora da eficiencia enerxética da instalación de iluminación. Esta tipoloxía só se aplica ás instalacións comúns dos edificios de vivenda colectiva e sempre que vaia acompañada dalgunha das outras dúas actuacións.

QUE CONDICIÓNES DEBEN CUMPRIR AS OBRAS?

- **Tipoloxías 1 e 2**

Mellorar un 10% o consumo de enerxía final con respecto á situación inicial.

Mellorar unha letra na escala de cualificación de emisións de CO₂ respecto á situación de partida.

- **Tipoloxía 3**

A potencia da nova instalación debe ser maior a 10kw.

QUEN PODE BENEFICIARSE?

- **Propietarios** de viviendas ou de edificios.
- **Comunidades ou agrupacións de comunidades de propietarios** de edificios residenciais.
- **Persoas físicas** que **de xeito agrupado son propietarios** destes edificios.
- **As empresas ou persoas xurídicas non poderán recibir estas axudas.**

QUE REQUISITOS HAI QUE CUMPRIR?

- **Nacionalidade española** ou **dalgún estado membro da UE.**
- No resto dos casos, deben ter **residencia legal en España.**

QUE DOCUMENTACIÓN DEBE PRESENTARSE?

- **Documentación acreditativa** da representación da persoa ou entidade que actúa no nome da persoa propietaria ou da entidade, no caso de comunidade de propietarios.
- **Escritura pública, certificado ou nota simple do rexistro que acredite a titularidade do inmovible**, no caso de que o solicitante non conste como o titular catastral da vivenda.
- **Informe xustificativo** no que se indiquen as tipoloxías de actuación a realizar (1, 2 ou 3), a descrición das actuacións, o custo elixible e a contía máxima da axuda solicitada.
- O **certificado de eficiencia enerxética** do edificio coas **melloras propostas**.
- **Proxecto ou memoria técnica da actuación**, dependendo do que se requira para obter a licenza de obra.
- **Orzamento** da empresa que realizará as obras, desagregado e con data posterior ao 7 de agosto de 2021. No caso de que sexa maior a 40.000 euros, haberá que achegar 3 orzamentos de empresas diferentes, identificando e xustificando a elección final.
- **Documento ou oferta vinculante contractual formalizada** coa empresa ou profesional que sexa encargada da xestión técnica e documental da solicitude.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 31 de xullo de 2021

+INFO

igvs.es/web/actuamos/883



**XUNTA
DE GALICIA**